

# Materiais Chirais Intelixentes

## ¿Poderían detectar biomarcadores do cancro?

José Lorenzo Alonso Gómez

lorenzo@uvigo.es  
[webs.uvigo.es/lorenzo](http://webs.uvigo.es/lorenzo)  
Facultade de Químicas  
Universidade de Vigo



A omnipresencia da quiralidade na natureza ten motivado fortemente o seu estudo dende moléculas sinxelas ata estruturas supramoleculares complexas. No deseño de fármacos a quiralidade ten unha importancia imprescindible, como deixou patente o dramático exemplo da Talidomida dada a distinta actividade dos dous enantiómeros presentes no fármaco fronte as biomoléculas do corpo. Pero dous enantiómeros tamén responden de distinta forma fronte á luz quiral dando lugar ás respostas quirópticas. Estas respostas son moi dependentes do entorno e por isto poden ser empregadas para o deseño de sensores. Nos últimos anos temos desenrolado as moléculas orgánicas coas respostas chirópticas máis fortes ata a data. Ademais, agora somos quen de ordear estas moléculas en superficies abrindo a posibilidade para a construción de sensores chirópticos.